

As Letras que son da Feira

*O día é 12,
o día é Feira,
ergue Manuel,
lava, viste e vaite a ela!*

Aquí no cerne Agolada
garda a memoria das feiras
onde tantísima xente
viña de sempre á súa beira.

E nos Pendellos da vila,
que son historia de pedra,
vive a infancia e xuventude
das nosas vidas daquela.

Así naceran as falas
dos ovos, queixo e manteiga,
dos repolos, pan e viño,
do lenzo e traxes de festa.

E o mellor pulpo do mundo
era cocido en caldeiras
de cobre co lume de achas
ata que os rabos ourean.

No prato van as talladas,
arrecenden na madeira,
buscan o Pendello grande
dos xantares e as conversas.

O mar en terra é bocado
que sabe en boca labrega
falar das mil marabillas
que hai nas Cíes, Ons, Fisterra...

Aquí nos Pendellos eran
os días sempre unha chea
de palabras para os tratos
que se pechan nas releas.

O paxariño é unha sorte
e o cego vai na miseria
dun corpo que sempre canta
as desventuras alleas

E volve o labrego á casa
onde a muller sempre espera:
trae consigo a compañía
da vaca, nai da becerra.

Xa no silencio do cuarto,
cando outra noite se achega,
bícanse os dous namorados:
¡que non hai feira sen festa!

No mes de agosto do ano 2004. E tamén: Melide, Arzúa, Monterroso, Antas, Taboada, Chantada, Lalín, Palas, Bandeira, Brántega, Vila de Cruces, Silleda, Sobrado, Curtis, A Gouxá, Río, O Vento, A Estrada, Forcarei, Soutelo... e tantas e tantas e tantas, máis alá das légoas e dos séculos. In memoriam, sempre.

Xosé Vázquez Pintor